

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE XANEIRO DE 2021

Ás 10:00 horas do día 28 de xaneiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 25 de xaneiro de 2021, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste a todos os puntos agás os puntos 7, 8, 9a e 10a)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 9c e 10c)  
D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste aos puntos 9b e 10b)  
D<sup>a</sup>. Marta Núñez Aboy, vogal suplente do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 3a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **3.- Apertura administrativa e económica**

#### **a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) (emenda de documentación)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores presentados neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 18 de xaneiro de 2021, ao día seguinte, se concedeu un prazo de tres días a OVEJERO SEQUEIRO, S.L. e KICK TICKETING, S.L. para que emendasen a documentación persoal e o mesmo prazo a GIGLON, S.L., admitido no procedemento, para que puidese presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 13:30	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA248-C6A8A7-B95438-EBH78X-GSY1PV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Durante o prazo concedido, presentaron a documentación requirida KICK TICKETING, S.L. e GIGLON, S.L.

OVEJERO SEQUEIRO, S.L. non presentou documentación ningunha dentro de prazo.

Logo da cualificación da documentación presentada, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a KICK TICKETING, S.L. por ter emendado a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir neste procedemento a OVEJERO SEQUEIRO, S.L. por non ter emendado a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido.
- c) Dar traslado ao servizo xestor do orzamento detallado presentado por GIGLON, S.L. e solicitar informe en relación coas proposicións avaliadas a través de fórmula dos licitadores admitidos no procedemento, abertas na sesión do 18 de xaneiro de 2021.

## **7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Hispanidade, entre Zamora e Pintor Colmeiro" (620-441)**

Pregúntase aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

## **8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)**

Pregúntase aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 19 de xaneiro de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do 18 de xaneiro, se iniciou o procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 13:30	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA248-C6A8A7-B95438-EBH78X-GSY1PV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



previsto no artigo 149 da LCSP con OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

Con data do 22 e 25 de xaneiro de 2021 o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 22 e 25 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101)**

Pregúntase aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento administrativo de Alcaldía o 24 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)**

Pregúntase aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 25 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe rectificativo do anterior de data 27 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 13:30	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA248-C6A8A7-B95438-EBH78X-GSY1PV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

xaneiro de 2021. A Mesa acorda, por unanimidade, aceptar o informe do 27 de xaneiro.

## 10.- Propostas de clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras Infraestruturas e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 22 e 25 de xaneiro de 2021

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	EXTRACO, S.A.	97,36
2	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	97,29
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,04
4	CONSTRUCCIONES OREGA	94,55
5	ORECO, S.A.U.	93,53
6	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,29
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	90,65
8	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	89,55
9	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	88,21
10	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	88,00
11	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	84,66

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO, S.A. (A-32.002.644), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 13:30	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA248-C6A8A7-B95438-EBH78X-GSY1PV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de xaneiro de 2021 de RODRIGO Y ASOCIADOS CENTRAL DE MEDIOS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.	85,84 puntos
2	QUATTRO INDUSTRIA DESTILADORA DE CREATIVIDAD PUBLICITARIA, S.L.U.	79,07 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22 do PCAP, por ter presentado xa documentación no sobre A:

1. A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.B das FEC.
2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

**c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de xaneiro de 2021, de ITWISE TECHNOLOGY SERVICES, S.L. por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 13:30	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA248-C6A8A7-B95438-EBH78X-GSY1PV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A.1 do Anexo I - FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ECONOCOM SERVICIOS, S.A.	86 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECONOCOM SERVICIOS, S.A. (A-28.816.379), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:18 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 13:30	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA248-C6A8A7-B95438-EBH78X-GSY1PV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		